

En Vigo, con data do 22 de marzo de 2005 e sendo a 1 hora e 30 minutos, reunidos dunha parte os delegados de persoal da empresa *FCC-EYSSA-UTE* Luis Cordovés Álvarez, Carlos Landín Guillén e Julio Fernández Collazo e o secretario xeral da Federación de Servizos Públicos de UGT José Canal Iglesias como asesor e doutra a representación empresarial José Manuel García Olivencia, Luis Manuel Jiménez Sánchez e Ernesto Rodríguez Comesaña no conflito presentado na empresa de referencia no que foi nomeado mediador José María Casas de Ron en acta de compromiso de mediación e conciliación de data 21 de marzo de 2005 no procedemento de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA), as partes poñen fin ao conflito sobre a base da proposta efectuada polo mediador citado e aceptada por estas consonte as seguintes cláusulas:

1. A vixencia do convenio colectivo establécese para os anos 2005, 2006, 2007 e 2008.

2. Os incrementos salariais para os anos respectivos serán os seguintes:

-2005: IPC real do ano 2004 máis 0,5 puntos.

-2006: IPC real do ano 2005 máis 1 punto.

-2007: IPC real do ano 2006 máis 1 punto.

-2008: IPC real do ano 2007 máis 1 punto.

No momento da entrada en vigor da nova concesión adxudicada polo Concello de Vigo incrementarase a táboa vixente en 5,5 puntos.

3. Os incrementos salariais pactados terán efecto desde 1 de xaneiro de 2005. O resto dos conceptos retributivos revisaranse co mesmo incremento que o pactado nas táboas.

4. Incrementarase nun día para toda a vixencia do convenio, no suposto de afectar a cónxuxes, ou fillos nos supostos previstos no artigo 13 b) do actual convenio colectivo.

5. A letra j) do artigo 13 do actual convenio colectivo queda redactada da seguinte forma:

Días de libre disposición. Non acumulativos.

2005: 3 días.

2006: 3 días.

2007: 3 días.

2008: 3 días.

6. Establécese un complemento funcional para os labores de recadación e conservación do persoal que as efectúe por importe de 3 euros por día efectivo de traballo nas ditas funcións.

7. Estes acordos comunicaranse ao Concello de Vigo.

En función dos anteriores acordos as partes dan por finalizado o conflito presentado, desconvocado expresamente a representación dos traballadores a folga convocada, e iniciada o día 16 de marzo de 2005, asinando esta acta en proba de conformidade

xunto co mediador designado, no lugar, na data e na hora devanditos e todo conforme co procedemento galego de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo.

Resolución do 19 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da acta da comisión paritaria do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Poio.

Vista a acta da comisión paritaria do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Poio, con número de código 3603742, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 8-4-2005, subscrita en representación da parte económica pola representación do concello, e da parte social, polo comité de persoal, en data do 1-3-2005, e aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria o día 29-3-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 19 de abril de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

Acta

Na Casa do Concello de Poio, ás 13.30 horas do martes día 1 de marzo de 2005, reúnen os componentes da comisión paritaria mixta, de interpretación, vixilancia, estudo e aplicación do convenio colectivo para o persoal laboral deste Concello de Poio, presidida por Xulio Barreiro Lubián, concelleiro delegado de persoal do Concello de Poio; en

representación da CIG: María José Rodríguez Martínez; en representación do CSI-CSIF: Miguel Martínez Chapela; secretaria-delegada: M^a Jesús Pousada Vicente, coa finalidade de tratar os seguintes asuntos:

-Retribución polo concepto de complemento de antigüidade.

A iniciativa da CIG, á que se suma o representante do CSI-CSIF, na que se solicita o percibo do complemento de antigüidade polo persoal laboral temporal con máis de tres anos de permanencia no concello, así como facelo extensivo ao persoal funcionario interino.

Acórdase por ambas as partes que a partir do mes de marzo se faga efectivo o pagamento do complemento de antigüidade (non con carácter retroactivo).

En relación co persoal interino, Xulio Barreiro Lubián manifesta que tamén lle parece lóxico que este persoal perciba trienios, pero pensa que non é viable porque a lei non o permite, no obstante pedirase informe do secretario do concello.

-Conversión de contratos temporais en interinos.

A comisión acorda que a ruptura dos contratos temporais coa empresa, ademais de recibir o correspondente finiquito, nos sucesivos contratos ten que mediar polo menos un período superior a aquel establecido legalmente para a reclamación por despedimento (20 días hábiles).

-Contratos de servizo de axuda a domicilio.

A comisión acorda que dentro do convenio colectivo se estableza a categoría de auxiliar de axuda a domicilio, equiparando o seu salario á categoría de limpadora (a tempo parcial), anexo III para o persoal laboral do Concello de Poio.

E, non habendo máis asuntos que tratar, para os efectos oportunos, levántase a sesión ás 14.45 horas, da que como secretaria dou fe.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 25 de maio de 2005 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002, de diversas categorías correspondentes aos grupos IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Pola Orde do 26 de decembro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 2, do 3 de xaneiro) convocouse

o proceso selectivo para o acceso a distintas categorías dos grupos IV e V, sendo elevadas a definitivas as propostas que superaron o proceso selectivo mediante as ordes do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Verificados os requisitos exixidos nas bases da convocatoria realizados os actos de petición previstos na Orde do 11 de febreiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 32, do 16 de febreiro), na Orde do 1 de marzo de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 47, do 9 de marzo) e na Orde do 12 de maio de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 94, do 18 de maio), esta consellería, de acordo co previsto no IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.-Nomear persoal laboral fixo da Xunta de Galicia os aspirantes aprobados que se relacionan no anexo I, ordenados de acordo coa puntuación derradeira obtida, e adjudicándolles como destinos definitivos os que figuran no anexo II.

Segundo.-Para adquirir a condición de persoal laboral fixo, as persoas ás que se refire o anexo I deberán tomar posesión do correspondente posto de traballo (anexo II) no prazo dun mes, previsto no artigo 13 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Terceiro.-O prazo de toma de posesión comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública